

## ¿A onde vai o teatro?

*Oh this is a happy day! This will have been another happy day! After all. So far.*

Samuel Beckett, *Happy Days*

Vintecinco anos de profesión teatral na Galiza: un cuarto de século para conformarmos e consolidarmos un sistema de produción teatral galego. Ora ben, ¿que temos atinxido? A pregunta non é inocente; todo o contrario. A inercia ou a presión do día a día non deben impedirnos avaliar o gañado porque nos converteríamos, por pasividade, en conniventes dos que gobernan o campo –gostemos ou non dos presupostos vigorantes no mesmo–, creando un sistema sen tensión e, por tanto, agónico. Con certeza, alcanzámos algún obxectivo, mais refuxiámonos nisto para encobrir as nosas carencias é un comportamento covarde e estéril, aliás presente noutros estamentos e coas consecuencias que xa coñecemos. Podemos ben instalarnos no conformismo e na complacencia, ben defrontar con franqueza a cuestión fundamental: ¿estamos de acordo co sistema teatral vixente no país?, ¿queremos loitar para que sexan outras normas as que o rexan? De considerarmos que xa temos chegado á meta, de asumirmos a normalidade que se nos pregoa, evidenciaremos a modestia do noso horizonte de expectativas e –atendendo á máxima de que a actividade dramática é un indicativo da saúde da sociedade que o sostén– as nosas limitadas aspiracións como pobo. Pugnar por que o sistema discorra nun sentido ou noutro é grandemente indicativo da nosa idea de país. E, por paradoxal que pareza, os combates dentro do sistema fornécenlle vitalidade e resistencia perante o risco de asimilación; cantos mais repertorios se enfrenten no mesmo, máis posibilidades de sobrevivencia. A pretendida *pax augusta* en que nos imbúen os *césares* ancilosa e adormece perigosamente.

¡Non máis excusas! O traballo das xentes do teatro é difícil, ninguén o nega; as circunstancias ambientais, peores; as recompensas, case nulas. Ninguén nos pede que sexamos heroes, mais escollémos unha arte que nace da incerteza, que vive nas dificultades e que morre coa resignación. Con efecto, temos dereito a reclamar a quen compete apoio á nosa actividade; no entanto, é un exercicio saudábel analizar en qué medida se refuxia tras eses requerimentos a nosa incapacidade de nos enfrentar ás responsabilidades do noso compromiso. Xa sabemos quen integran o factor institucional no noso sistema; xa coñecemos os seus intentos asimilacionistas e esmorecedores. Porén, ás veces parece que temos entregado resignadamente o control total do sistema –sen propugnar outros centros periféricos–, de maneira que os de sempre podan perpetuar a precariedade do mesmo e mantelo na indefinición e na subsidiariedade. So condición, claro –eis a nosa mesquindade–, de que nos deixen vivir na ilusión de ter acceso ás posicións centrais do campo.

¡Non máis lamentos! Temos repetido ata a saciedade que o teatro está en crise. ¿É que non nos damos conta? ¿De verdade non o vemos? Se estiver en crise estaría vivo, estaría a brigar pola súa enteireza. O noso teatro non está en crise; está inane,

embalsamado cos éteres da inercia, do *déjà vu*, da resignación acomodaticia; xa non se mexe. ¡Domesticáronnos! Apañounos o taxidermista.

Aflixímonos porque os espectadores abandonaron as salas: ninguén gusta de ver doentes terminais resignados ao fatal final. Arreatémolo, vaíamos na súa procura, obriguémoslo a regresar –con imaxinación, con calidade, con respecto–. Inxectémoslle enerxía, se se mostrar canso. O noso público xa foi repetidamente insultado con espectáculos que o conciben como un consumidor pasivo e lle negan a súa intervención dinámica na convención teatral. Se as nosas propostas só precisan do público como número –para facer billeteira ou como estatística que favoreza a obtención de subvencións posteriores– non podemos lamentar que nos abandone; ademais, estaremos a pór en dúbida a dimensión convencional do xogo escénico.

¡Non máis retóricas! Devolvamos a crítica académica –centrada no aspecto filolóxico ou literario– ao seu campo e recuperemos para a arte escénica as opinións que atenden á súa especificidade, aos valores intrinsecamente teatrais. Desmontemos o *holding* da crítica oficial, dos comentaristas canonizadores próximos demais ao factor institucional e permanentemente tentados de seguidismo da “cultura oficial”. Non consintamos que se xustifique o inxustificábel e desvendemos os haxiógrafas diletantes, abrindo novos espacios críticos alternativos ao viciado espacio central, fortemente munido. Mimemos as excepcións –que as hai–, mais rexeitemos o conformismo anestésico: a discusión, o enfrentamento simbólico, as diferencias enriquecen o campo de produción artística, sexa este cal for.

¡Non máis camiños percorridos! O modelo de compañía teatral galega dos nosos días –nado en 1978 como evolución das agrupacións do teatro independente– está esgotado nas súas propias limitacións e non subemos adaptalo ás novas circunstancias. Para a oficialidade resúltalle cómodo –por unívoco e manso– e non lle custa crear dependencia. En boa medida, temos abandonado outras vías de financiamento e distribución –posibelmente máis penosas–, á marxe do elemento institucional. Artisticamente, repetimos fórmulas moribundas, arqueolóxicas ou anecdóticas, esquecendo atributos esenciais para o teatro como o xogo, a liturxia, o rito, a metáfora... Aliás, movémonos entre o esquecemento inxusto dos grandes reivindicadores da nosa escena e a reverencia paifoca dos que adquiriron capital simbólico en sistemas foráneos –continuamos a depender do poder lexitimador do español–. É tempo xa de superar o complexo de participar dun “momento fundacional”, fenómeno que fai con que todo se perdoe.

Cando xeneralizadoras, as acusacións son sempre inxustas. Non podemos negar a boa vontade presente na maior parte dos envolvidos na nosa escena. No entanto, se non abrimos a posibilidade real de autocrítica estamos condenados á indixencia. Temos todo o dereito do mundo a nos escusar ou lamentar. Con todo, non deberíamos ficar niso. Se confundimos madurar con acomodarnos ou perder azos; se deixamos de parte o dinamismo, a imaxinación, a curiosidade, o risco...; se continuamos facendo o que queren que fagamos, o noso teatro nunca se convertirá nunha plataforma aberta e libre onde respirar e osixenarse, espacio que o noso país está a reclamar con urxencia. De non axirmos, evidenciaremos a interiorización da derrota.

Carlos Caetano Biscainho